



## CAMBIO DO PERMISO DE CONDUCCIÓN DE PAÍSES NON COMUNITARIOS SEN CONVENIO PARA CONDUTORES PROFESIONAIS

### REQUISITOS

1. Acreditar que se está contratado como condutor profesional por un tempo non inferior a 6 meses por unha empresa ou empresas legalmente establecidas ou con sucursal en España.
2. Non estar privado do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores nin estar sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso ou licenza que posúa.
3. Superar unha proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico.

### DOCUMENTACIÓN

1. **Solicitud:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT ([www.dgt.es](http://www.dgt.es)), no que se inclúe a declaración de non estar privado, por resolución xudicial, do dereito a conducir e de non posuír outro permiso da UE ou do EEE de igual clase ca o solicitado ou de que este fose restrinxido, suspendido ou anulado.

2. **Taxa II.1:** 92,20 €.

**Formas de pagamento:** por internet en [www.dgt.es](http://www.dgt.es), con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)).

3. **Acreditación da identidade e residencia:**

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

4. **Informe de aptitude psicofísica telemático** anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores.**

5. **Permiso de conducción estranxeiro:** orixinal en vigor e fotocopia.

6. **Tradución oficial do permiso de conducción ao castelán:** de ser o caso, na que se acredite a súa validez, a vixencia e se especifíquen os vehículos que autoriza conducir.

7. **Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

8. **Talón foto:** cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.

9. **Certificado de empresa:** que acredite estar contratado como condutor profesional (polo menos 6 meses) nunha empresa legalmente establecida ou con sucursal en España.

10. **Seguridade Social:** acreditar a cotización por un período de, polo menos, 6 meses.



MINISTERIO  
DEL INTERIOR



*A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.*

(Actualización: 22/06/2018)